

MEMORIA PLANPROXECTA 2024/2025

CENTRO

27007247 - IES Francisco Daviña Rey

PROGRAMA

34. O monte vivo

PROFESORADO

Nome	DNI	Participación	Participou activamente
Marcos Pumar Losada	34269174W	Coordinador	Si
Maria Astrid Losada Pasín	34269329L	Docente	Si
Marta Luisa Núñez Miranda	76623562M	Docente	Si
Raquel Aira González	34262533P	Docente	Si
Pablo Blanco Quiroga	34259827Q	Docente	Si
Katia Valdés Lago	34271612W	Docente	Non
Guillermo Rodríguez Pérez	47352074L	Docente	Non

ALUMNADO

Ensinanza	Ciclo	Curso	Alumno	Alumna	Aulas
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	1º Ensinanza secundaria obrigatoria	12	14	1
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	2º Ensinanza secundaria obrigatoria	8	15	1

TÍTULO

O monte vivo

INTRODUCION

Durante o curso 2024-2025, o IES Francisco Daviña Rey desenvolveu diversas actividades no marco do Plan Proxecta "O Monte Vivo", coa participación activa do alumnado de 1º da ESO. O proxecto tivo como obxectivo principal fomentar a conciencia ambiental e o respecto polo monte a través da investigación, a observación directa da natureza e o uso educativo das novas tecnoloxías.

1. Micoloxía e Conciencia Ambiental

O alumnado participou nunha actividade práctica e divulgativa centrada no mundo dos cogomelos. Días antes da saída, recolleron cogomelos no monte para clasificalos e analízalos no instituto, coa axuda dun especialista, Carlos Pérez, presidente da Asociación Os Lactouros. O día da saída, visitaron a área recreativa de Os Trollos, acompañados por un axente forestal da Xunta que explicou a importancia da biodiversidade, o ciclo das follas e os perigos para o monte como os incendios ou o abandono de lixo.

De volta ao centro, organizouse unha exposición na biblioteca coas especies recollidas. Ademais, a ANPA promoveu un concurso de fotografía micolóxica cunha ficha descriptiva de cada exemplar. As fotografías foron expostas no centro durante o primeiro trimestre.

2. Exposición "Wood Wide Web"

A biblioteca acolleu a mostra "Wood Wide Web, unha rede que dá vida ao planeta", cedida por AMABUL e financiada pola Deputación da Coruña. Esta exposición abordaba o papel esencial dos fungos nos ecosistemas forestais, e estruturábase en cinco bloques temáticos. O alumnado visitou a mostra, elaborou un Kahoot colaborativo para reforzar os contidos e participou en dinámicas lúdicas e didácticas.

3. Proxecto interdisciplinar: "A produción de mel na Ribeira Sacra"

Dentro da materia de Tecnoloxía e Dixitalización, o alumnado desenvolveu un proxecto vinculado á apicultura sostible e ao coidado do monte:

- Fase 1: Investigación documental sobre a produción de mel na contorna e a importancia das abellas, redactada con LibreOffice Writer.
- Fase 2: Propostas de localización de colmeas baseadas en variables ambientais (altitude, flora, auga, vento...), organizadas en táboas con LibreOffice Calc.
- Fase 3: Deseño 3D dunha colmea en Tinkercad, traballando a competencia espacial e tecnolóxica.
- Fase 4: Investigación sobre tipos de colmeas e ameazas actuais como a avespa velutina.
- Fase 5: Programación en PSeInt dun algoritmo sinxelo para avaliar a idoneidade das localizacións propostas.

Conclusión

O Plan Proxecta "O Monte Vivo" supuxo unha experiencia educativa enriquecedora, baseada nun enfoque competencial, interdisciplinar e contextualizado. A combinación de saídas ao medio, investigación científica, uso das TIC, actividades creativas e programación favoreceu a aprendizaxe activa, a educación ambiental e o desenvolvemento integral do alumnado, conectando coñecementos técnicos coa realidade do entorno natural galego.

OBXECTIVOS

O desenvolvemento do Plan Proxecta O Monte Vivo no noso centro permitiu acadar un grao de consecución moi alto respecto aos obxectivos propostos. A continuación, detállase a valoración global agrupando os obxectivos por áreas temáticas:

1. Concienciación ambiental e coñecemento do monte (Obxectivos 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 12):

O alumnado participou activamente en actividades de observación directa no monte, traballos de investigación sobre biodiversidade, micoloxía e apicultura, así como na análise das causas e consecuencias dos incendios forestais. As saídas didácticas, exposicións temáticas e o contacto con expertos externos permitiron contextualizar os contidos e promover unha comprensión profunda do valor ecolóxico, social e económico do monte galego. A implicación foi alta e o interese mostrado polas temáticas ambientais superou as expectativas iniciais.

2. Formación en valores e competencias sociais (Obxectivos 5, 6, 11, 14, 15):

O proxecto desenvolveuse con metodoloxías colaborativas e participación activa, favorecendo o traballo en equipo, a empatía e a responsabilidade compartida. A convivencia mellorou visiblemente e os rapaces e rapazas amosaron unha actitude respectuosa co medio e cos compañeiros/as. A implicación da comunidade educativa, tanto nas saídas como nas exposicións e concursos, favoreceu un clima de aprendizaxe integrador e motivador.

3. Competencias tecnolóxicas, científicas e de resolución de problemas (Obxectivos 13, 16, 17):

O uso de ferramentas dixitais como LibreOffice, Google Maps, Tinkercad ou PSeInt permitiu ao alumnado aplicar os contidos das materias de maneira funcional e conectada co medio. Elaboraron documentos, analizaron variables ambientais, deseñaron obxectos en 3D e desenvolveron programas de avaliación automática, traballando así a competencia dixital, o pensamento lóxico e a aplicación práctica do aprendido. A autoavaliación estivo presente especialmente nas actividades gamificadas (Kahoot, concursos), reforzando a aprendizaxe activa.

Valoración global:

O proxecto cumpre amplamente os obxectivos do Plan Proxecta, tanto no eido da educación ambiental como no desenvolvemento integral do alumnado. Acadouse un alto grao de motivación, participación e aprendizaxe significativa, destacando a funcionalidade das tarefas, o vínculo co contorno natural e a transversalidade co currículo. A proposta consolidouse

MEMORIA PLANPROXECTA 2024/2025

CENTRO 27007247 - IES Francisco Daviña Rey
PROGRAMA 34. O monte vivo

como unha experiencia educativa de calidade, con impacto positivo dentro e fóra da aula.
--

ORGANIZACIÓN
Durante o curso 2024-2025, desenvóléronse múltiples actividades interdisciplinares enmarcadas no Plan Proxecta O Monte Vivo, coa participación do alumnado de 1º da ESO. As accións realizadas abrangueron ámbitos como a educación ambiental, a tecnoloxía, a investigación científica, a programación e a expresión artística. A continuación detállanse as principais: 1. Actividade micolóxica e saída ao monte (novembro 2024) - O alumnado recolleu cogomelos na contorna de Monforte co fin de clasificalos posteriormente no centro, coa axuda dun especialista en micoloxía. - Impartíuse unha charla teórica sobre iniciación á micoloxía a cargo de Carlos Pérez (Asoc. Os Lactouros / Terras de María Castaña). - Realizouse unha saída á área recreativa de Os Trollos (Bóveda), guiada por un axente forestal da Xunta de Galicia, con actividade de recoñecemento de ecosistemas e riscos ambientais (lume, lixo, talas). - Exposición final de mostras micolóxicas clasificadas na biblioteca do centro. 2. Concurso de fotografía micolóxica - Organizado pola ANPA do centro, combinando fotografía artística e descrición científica das especies observadas. - As obras presentadas incluíron nome común e científico, hábitat e usos, e foron expostas na biblioteca. 3. Exposición "Wood Wide Web" - Mostra itinerante cedida por AMABUL e financiada pola Deputación da Coruña, instalada durante o mes de novembro. - O alumnado participou nun Kahoot colectivo sobre os contidos da exposición e realizou xogos e actividades didácticas relacionados coa simbiose fúngica e os ecosistemas forestais. 4. Proxecto interdisciplinar "A produción de mel na Ribeira Sacra" (materia: Tecnoloxía e Dixitalización) - Fase 1: Investigación e redacción dixital sobre a apicultura sostible na contorna (LibreOffice Writer). - Fase 2: Propostas de localización para colmeas, con análise de variables ambientais (LibreOffice Calc e Google Maps). - Fase 3: Deseño 3D dunha colmea en Tinkercad, coa súa estrutura e paneis interiores. - Fase 4: Investigación sobre tipos de colmeas e ameazas actuais como a avespa velutina. - Fase 5: Programación dun avaliador de localizacións axeitadas mediante a ferramenta PSeInt. Estas actividades permitiron traballar de forma transversal contidos de ciencias naturais, tecnoloxía, lingua, competencia dixital e valores sociais, promovendo aprendizaxes significativas e unha visión crítica sobre o coidado do monte galego. Ligazóns ás evidencias gráficas e documentais Instagram oficial do IES Francisco Daviña Rey (fotografías e vídeos das actividades): https://www.instagram.com/p/DDeLxfwOd5f/?img_index=1 Aula virtual do IES Francisco Daviña Rey. Carpeta de imaxes e documentos do proxecto: https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfranciscodavinarey/aulavirtual/course/view.php?id=735 ¿ Exposición micolóxica, fotografías do concurso e actividades na biblioteca: https://www.instagram.com/ies_davina_rey/ ¿ Documentación técnica elaborada polo alumnado (LibreOffice, Tinkercad, PSeInt) Edixgal: https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php

AVALIACIÓN
1. Escalas de observación - Utilizadas para rexistrar o grao de participación, interese, responsabilidade e actitude do alumnado durante as saídas ao monte, exposicións e actividades grupais. - Permitirón comprobar cambios positivos na motivación, no respecto polo medio e na dinámica de traballo colaborativo. 2. Rúbricas de avaliación - Aplicadas a tarefas concretas como: - Investigación documental sobre apicultura e micoloxía. - Propostas de localización de colmeas (análise de variables ambientais). - Deseños 3D en Tinkercad. - Programas en PSeInt. - Fichas do concurso de fotografía micolóxica. - Avaliouse tanto a calidade técnica como a creatividade e a capacidade de resolver problemas. 3. Autoavaliación e coavaliación - O alumnado participou activamente na valoración das tarefas propias e alleas, mediante modelos de rúbricas compartidas e dinámicas de reflexión grupal (por exemplo, despois do Kahoot sobre a exposición "Wood Wide Web"). - Isto favoreceu o recoñecemento do traballo dos compañeiros/as. 4. Observación directa e diario docente - Registro cualitativo do profesorado sobre o progreso das actividades, incidencias, nivel de implicación e aprendizaxes informais observadas no día a día.

PROFESORADO
A experiencia desenvolvida no marco do Plan Proxecta O Monte Vivo tivo un impacto moi positivo tanto no alumnado como no conxunto da comunidade educativa. Algunhas cuestións destacables que complementan o desenvolvemento das actividades foron as seguintes: - Implicación do alumnado: Observouse unha elevada motivación e interese por parte dos rapaces e rapazas, especialmente nas actividades que lles permitiron traballar fóra da aula, relacionar coñecementos teóricos co contorno natural e empregar ferramentas tecnolóxicas de maneira práctica. A súa participación foi activa e respectuosa, destacando o comportamento exemplar nas saídas didácticas. - Coordinación interdisciplinar: O proxecto favoreceu a colaboración real entre diferentes departamentos didácticos, algo que contribúe á visión global da aprendizaxe e ao desenvolvemento de competencias clave. As actividades permitiron reforzar contidos de distintas materias, poñéndoo ao servizo dun obxectivo común. - Uso de ferramentas dixitais: A integración de recursos como LibreOffice, Tinkercad, Google Maps ou PSeInt supuxo un avance significativo na competencia dixital do alumnado. A programación e o deseño 3D, en particular, foron retos ben acollidos polos estudantes, que demostraron unha boa capacidade de aprendizaxe autónoma e creativa. - Limitacións e adaptacións: Por razóns organizativas, non foi posible desenvolver algunhas actividades previstas (como a maqueta física das colmeas), que foron substituídas por versións dixitais sen perda de calidade educativa. A flexibilidade na execución foi clave para garantir a continuidade e a eficacia do proxecto. - Impacto educativo: As actividades realizadas non só contribuíron a desenvolver contidos curriculares, senón que tamén promoveron valores como o respecto, a cooperación, a responsabilidade e o coidado do medio. Trátase, sen dúbida, dun proxecto cun forte valor formativo e transformador.

ACTIVIDADES REALIZADAS POLO PROFESORADO		
DNI	Apelidos e nome	Actividades

MEMORIA PLANPROXECTA 2024/2025

CENTRO 27007247 - IES Francisco Daviña Rey
PROGRAMA 34. O monte vivo

ACTIVIDADES REALIZADAS POLO PROFESORADO		
DNI	Apelidos e nome	Actividades
34269174W	Pumar Losada, Marcos	Coordinador do proxecto: Departamento: Tecnoloxía Tarefas realizadas: Coordinación xeral do proxecto e comunicación co Plan Proxecta. Elaboración da solicitude e memoria. Deseño e seguimento das actividades relacionadas coa apicultura e a programación. Tarefas de avaliación e integración curricular.
34269329L	Losada Pasín, Maria Astrid	Xefa de Estudos Departamento: Equipo Directivo Tarefas realizadas: Apoio organizativo e facilitación da coordinación entre departamentos. Xestión da loxística das saídas didácticas (autobuses, autorizacións, calendario).
76623562M	Núñez Miranda, Marta Luisa	Vicedirectora Departamento: Equipo Directivo Tarefas realizadas: Xestión da loxística das saídas didácticas (autobuses, autorizacións, calendario).
34262533P	Aira González, Raquel	Docente de Lingua Galega: Departamento: Lingua Galega e Literatura Tarefas realizadas: Asesoramento na redacción das fichas de cogomelos e das memorias finais do alumnado. Corrección e revisión lingüística dos materiais escritos. Dinamización de actividades de expresión escrita relacionadas co proxecto.
34259827Q	Blanco Quiroga, Pablo	Docente de Tecnoloxía: Departamento: Tecnoloxía Tarefas realizadas: Dinamización das actividades de deseño 3D con Tinkercad. Apoio na programación co alumnado (PSeInt). Avaliación técnica dos traballos.
34271612W	Valdés Lago, Katia	null
47352074L	Rodríguez Pérez, Guillermo	null

BIBLIOGRAFÍA
Xunta de Galicia – Consellería de Medio Rural: ¿ https://mediorural.xunta.gal Información sobre prevención de incendios, biodiversidade forestal e especies autóctonas. Asociación AMABUL – Exposición “Wood Wide Web”: ¿ https://amabul.gal Contidos da exposición itinerante sobre a simbiose entre árbores e fungos. Asociación Galega de Apicultura (AGA): ¿ https://www.apiculturagalega.gal Información técnica e didáctica sobre apicultura na contorna galega.